



Os castros son poboados fortificados da Idade de Ferro. Os seus habitantes foron os primeiros poboadores sedentarios de Galicia. No concello contabilizáronse ata 14, os máis antigos son dos séculos IX-VIII antes da nosa era. A Fundación Terra Termarum xestiona o castro de Castrolandín. Un valioso conxunto arqueolóxico, a 900 metros de Cuntis, que ofrece ao visitante unha completa interpretación sobre os castros e a vida dos seus moradores. Máis información: www.castrolandin.es

o conxunto arqueolóxico de castrolandín




No obradoiro de cerámica castrexa podemos ver como se elaboraba a cerámica hai máis de 2000 anos: as mesmas olas, xerras e pratos que utilizaban os habitantes de Castrolandín. Entrada ao castro libre. Para a reserva de visitas guiadas, audioguías e obradoiros didácticos: visitas@castrolandin.es ou no Tlf. 986 53 26 68



A curva das escaleiras dificultaba o acceso ao castro en caso de ataque.

Tereixa Pervosa | info@enciclopedia.com | diseño edema | fotografías: Alay V. Carpenier e Ciria Grafica



CONCELLO DE CUNTIS
CONCELLARÍA DE CULTURA, TURISMO, DEPORTE,
XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA




"A maxia dun destino"
www.riasbaixas.org



Cuntis

SAÚDE E HISTORIA



Cuntis inscribese nun amplo val preto da ría de Arousa. O seu territorio está flanqueado por dous conxuntos montañosos, o Xesteiras, con 718 m, e a cadea que percorre o límite oriental do concello, con 545 m no castro Sebil. O contraste de relevo, a riqueza dos solos aluviais e a suavidade do clima son o fundamento dunha mesta e temperá ocupación que se remonta ao Paleolítico.

a arte prehistórica

Mámoas, petróglifos e castros testemuñan a humanización prehistórica da paisaxe. Os primeiros habitantes de Cuntis deixaron unha fonda pegada no territorio. A súa memoria chegounos tamén a través de lendas populares protagonizadas por míticos mouros. Máis información: www.turismodecuntis.com

Os gravados de forma circular ou labiríntica son os máis abundosos. Para moitos arqueólogos, as representacións con animais indican lugares de caza ou de paso das mandas.



Petróglifo do Outeiro do Forno da Tella



Petróglifo do Outeiro dos Campiños

